

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 4 DE XUÑO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catro de xuño de dous mil dezaioito ; as dez horas e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín e Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinteoito de maio de dous mil dezaioito (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non hai.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

-Escrito de don Cesar Touza García , con rexistro de entrada no concello 2408 de 31 de maio de 2018 no que expón”

-En relación coa aprobación das bases de selección da Xunta de Goberno Local de 14 de maio de 2018.

-En relación coa selección de oferta de emprego de Xefe de Brigada (Bombeiro Forestal) realizada o 29 de maio de 2019.

Esta selección foi realizada polo concello de Ribadavia sen oferta pública, tal e como esixe a lei.Esta selección foi realizada sen publicidade e sen posibilidade polo tanto de optar á mesma como interesado, sendo vulnerado o meu dereito de optar a dito posto.

Solicita:

-Que non se menoscabe polo concello de Ribadavia o meu dereito a poder participar en dito proceso de selección, como interesado que son.

-Que o concello de Ribadavia realice oferta pública para dito proceso de selección .

-Que o concello resolva con antelación suficiente esta solicitude.”

Vista a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Valencia de 25 de xaneiro de 2008, Sala do contencioso-administrativo , sección segunda , nun caso de recurso da Fundación Deportiva Municipal de Valencia ao servizo público de emprego, sinala:

“ Esta Sala, al contrario, sí considera suficiente la remisión a ese organismo público por cuanto ha declarado reiteradamente, en casos como el presente, que es suficiente cualquier tipo de publicidad o mecanismo que asegure que la oferta va a llegar a todos los interesados, cualquiera que sea el camino elegido. Al tratarse de un organismo entre cuyas misiones figura el empleo, no cabe duda de que se asegura la imparcialidad en la designación tras la publicidad o la elección realizada entre quienes figuran en la lista de solicitantes”

Vista a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 14 de maio de 2008 que entende que o chamamento por oferta xenérica ao Servizo Público de Emprego non só incide sobre o colectivo de desempregados de forma innominada, e ademais encaixa dentro da potestade de autoorganización da Administración o optar por tal vía.

Visto o sinalado por Jorge Fondevila en “ Manual de Selección de empleados públicos” editorial Wolters Kluwer “ la posibilidad de que las administraciones utilicen el procedimiento de la solicitud directa y anónima de los candidatos de las oficinas públicas de empleo. La legalidad de este procedimiento ha sido admitida por la Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Madrid –Sala de lo Contencioso administrativo de 8 de marzo de 2007, Rec 697/2004”

Considerando que as actas da xunta de goberno son públicas e se expón no taboeiro de anuncios do concello.

Considerando que o proceso selectivo xa tiña rematado a data de presentación da solicitude, existindo unha persoa seleccionada que xa ten adquirido o dereito á formalización do contrato de traballo, co cal de estimarse a solicitude lesionaríanse dereitos de terceiros .

A xunta de goberno local por unanimidade acorda:

-Desestimar a petición formulada por don César Touza García con rexistro de entrada no concello de 31 de maio de 2018.

-Escrito de don Andrés Rodríguez Rodríguez, en representación do Club Tennis Ribadavia solicitando a alta no Rexistro de entidades deportivas do concello de Ribadavia.

A xunta de goberno acorda proceder a alta do Club Tennis Ribadavia (número C-13251 no Rexistro de entidades deportivas da Xunta de Galicia) no rexistro de entidades deportivas do Concello de Ribadavia.

-Escrito de dona Begoña Rivera Martínez solicitando colocar placa conmemorativa en sepultura terrena nº 124 T socalco primeiro esquerda Fila 5

A xunta de goberno acorda acceder ao solicitado.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Visto o recurso contencioso administrativo procedemento abreviado 00110/2018 , interposto por don Alberto Vázquez Vázquez , fronte ao concello de Ribadavia, contra desestimación presunta por silencio administrativo de recurso de reposición interposto contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de xaneiro de 2018 en materia de persoal.

A xunta de goberno acorda:

-Remitir ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Ourense e expediente administrativo solicitado por este en relación co recurso contencioso administrativo 00110/2018 interposto por don Alberto Vázquez Vázquez contra o concello de Ribadavia.

-Notificar o presente acordo aos que aparezcan como interesados no procedemento emprazándolles para que poidan comparecer como demandados ante a Xurisidición contencioso administrativa se o seu dereito convén.

-Comparecer no procedemento abreviado 00110/2018 , ante o Xulgado Contencioso Administrativo nº1 de Ourense en defensa dos intereses municipais encomendando a defensa do concello ao Letrado don Ángel Pazos Huete.

-Sentenza número 38/2018 de data 24 de maio de 2018 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense , procedemento abreviado 0095/2017, demandante Mapfre España SA, demandado concello de Ribadavia, que estima o recurso contencioso administrativo interposto por Mapfre SA contra a desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada con data de 9 de xuño de 2016 e reiterada o 11 de outubro de 2016.

-Autorización da Confederación Hidrográfica Miño Sil para a corta de tres robles secos en zona de servidume da marxe esquerda do río Cerves a don Manuel González Rodríguez.

-Proposta de resolución provisional de concesión de subvención da Axencia de Turismo de Galicia ao concello de Ribadavia por importe de 29.179,15 euros para Adecuación e mellora dos accesos interiores ao cemiterio de Ribadavia.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de abril 2018, por importe de 1.029 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

Convocatoria de subvencións para o transporte de estudantes universitarios para o ano 2018 polo procedemento de concorrencia competitiva

En exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2015, a xunta de goberno local, por unanimidade acorda:

Aprobar a convocatoria de subvencións para transporte de estudantes universitarios para o ano 2018 polo procedemento de concorrencia competitiva.

Aprobar as Bases Reguladoras da convocatoria de subvencións para transporte de estudantes universitarios para o ano 2018.

Autorizar o gasto por importe de €con cargo ao vixente orzamento municipal.

Publicar anuncio no taboleiro de anuncios do concello, polideportivo municipal, BOP e páxina web do concello.

Resolución provisional da convocatoria de subvencións para mantemento de campos de fútbol.

Vista a proposta de resolución provisional da convocatoria de subvencións para mantemento de campos de fútbol no 2018 formulada polo director do Servizo Municipal de Deportes. A xunta de goberno acordar prestar aprobación á proposta de resolución provisional do seguinte tenor literal:

Entidades	Subvención
1 RIBADAVIA ATLÉTICO FC	1100 €
2 RIBEIRO FÚTBOL CLUB	1100 €
3 FRANCELOS FC	1100 €

Aprobación de bases de selección de operario de instalacións deportivas .

Sendo necesario para a normal prestación do servizo, procédese a aprobación dunhas bases para a selección de persoal laboral temporal, para cubrir unha praza de operario de instalacións deportivas mediante petición de oferta xénérica ao Servizo Público de Emprego. No expediente constan os seguintes elementos:

1. Bases de selección asinadas polo Alcalde de data 30 de maio de 2018 .
2. Informe de secretaría de data 30 de maio de 2018 .

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha praza de operario de instalacións deportivas , publicar un anuncio do presente acordo no taboeiro de anuncios do concello.

Rescisión de contrato de seguro

Considerando que a Xunta de Goberno Local en sesión de 7 de maio de 2018 concertou contrato de seguro de responsabilidade civil para as instalacións deportivas do Consello Municipal de Deportes con Chao Ribadavia Agencia de Seguros S.L.

Tendose suscrito contrato de seguro de responsabilidade civil xeral que cubre todas as instalacións municipais.

A xunta de goberno local acorda:

-Deixar sen efecto o contrato de seguro de responsabilidade civil con Chao Ribadavia Agencia de Seguros SL para as instalacións deportivas dependentes do Consello Municipal de Deportes.

ADHESIÓN AL PROGRAMA DE COOPERACIÓN DE LA DIPUTACIÓN SOBRE TRATAMIENTO DE DATOS PERSONALES.-

Visto o Programa de cooperación cos concellos e mancomunidades para a súa adaptación ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos aprobado pola A Corporación provincial, na sesión plenaria que tivo lugar o día 27 de abril de 2018, e publicado no BOP núm. 124 de data 01.06.2018, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1º) Aprobar a adhesión do concello de Ribadavia ao Programa provincial de cooperación cos concellos e mancomunidades para su adaptación ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos, solicitando a concesión dunha subvención por importe de 2.200,00 euros.

2º) Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación, na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Ourense e na normativa, estatal e autonómica, sobre subvencións públicas.

3º) Declarar que o concello de Ribadavia non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial consonte co que dispón o artigo 13 da Lei Xeral de subvencións, manifestando, igualmente, atoparse ao corrente dos deberes tributarios e de Seguridade Social.

APROBACIÓN MEMORIAS VALORADAS

A xunta de goberno local acorda:

-Aprobar a “ Memoria Valorada.Mejora del suministro de agua potable en Ribadavia.Concello de Ribadavia” de decembro de 2013, redactada por Esinpro SL ingeniería.

-Aprobar a “ Memoria Valorada.Obras de mejora de la franqueabilidad del Azud del Arroyo Maquiáns” redactada por Esinpro SL ingeniería de maio de 2018.

-Dase conta do Convenio suscrito con A Taquilla para a compra de entradas on line para a Mostra Internacional de Teatro de este ano.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.

E sendo as dez horas e minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO